

PREGUNTA DE AER SOBRE AS AXUDAS DO ANO 2018 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA CONCELLOS INCLUÍDOS EN REDE NATURA

PLENO 29 NOVIEMBRE 2018. ACTA 13/2018

Sobre as axudas do ano 2018 da Consellería de Medio Ambiente para concellos incluídos en Rede Natura. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio convocou subvencións pola Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.

Esta convocatoria permitía solicitar axudas para actuacións diversas na Rede Natura, e en concreto no litoral de Redondela, que se atopa neste espazo protexido. Unha vez publicada a resolución de beneficiarios, comprobamos que o concello de Redondela non se atopa entre eles:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181106/AnuncioG0532-261018-0002_gl.html

Tendo en conta a superficie do litoral que se podería acoller a esta liña de axudas e sendo subvencionables actuacións como a eliminación de invasoras (acacias, plumeiro da pampa,...) tal como se atopan ao redor da Depuradora de Redondela.

Así pois, PREGUNTAMOS:

Solicitou o Concello esta axuda e, de non ser así, o goberno local avaliou a posibilidade de presentarse a estas axudas para actuar en zonas do litoral, como por exemplo realizando unha actuación de eliminación de invasoras nas zonas nas que aparecen?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di, pedimos esa axuda e a concretabamos na zona de Meirande e a zona da Rande, pero nos denegaron a axuda. Se pretendía unir todo, se abarcaba a limpeza de todos os restos, eliminar as invasoras que hai nesas zonas, as ramplas... era un proxecto bastante ambicioso.